



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA NO ÁMBITO DO POLÍGONO K32 "MONTE DA FIEITEIRA"

Promotor: Concello da Coruña

Órgano substantivo: Concello da Coruña

Expediente: 2019AAE2367

Código web: 2232/2019

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O concello da Coruña réxese polo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 25.02.2013, e polas súas modificacións puntuais aprobadas.
2. O día 21.08.2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello da Coruña no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito do polígono K32 "Monte da Fieiteira"*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 05.09.2019 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica. Ao mesmo tempo, consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da dita Lei do solo.
2. Segundo o artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
3. De acordo co artigo 31.2 da Lei 21/2013, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas- emitirá o informe ambiental estratéxico.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación

Ámbito de actuación: polígono de solo urbano non consolidado POL K32, situado no bordo suroeste do polígono industrial da Grela-Bens, na periferia da cidade da Coruña.




Ámbito afectado pola Modificación

Superficie: 109.082,94 m².

Obxecto: dar cumprimento á sentenza 00544/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se anula a clasificación do PXOM da Coruña nunha única parcela do solo urbano non consolidado do polígono K32.

Proposta: a alternativa elixida é unha Modificación do PXOM vixente, que clasifica como solo urbano consolidado os 1.334 m² correspondentes á parcela afectada pola sentenza, e que mantén como solo urbano non consolidado o resto do ámbito do Polígono K32 co uso característico industrial-comercial e cunha altura máxima de catro plantas.



Ordenación detallada do Polígono K32 tras a Modificación do PXOM





2. Características ambientais da área probablemente afectada

O termo municipal da Coruña conta cunha poboación de 244.850 habitantes (IGE, 2018). O polígono K32 linda ao norte coa autoestrada da Costa da Morte AG-55, ao sur con solos rústicos, ao leste coa Terceira Rolda e ao oeste coa estrada provincial AC-552.

A contorna da Modificación presenta características industriais, dado que se localiza no bordo do polígono industrial da Grela-Bens. A factoría de aluminio Alcoa e o centro comercial Marineda sitúanse a poucos metros ao norte e leste respectivamente.

O polígono presenta unha paisaxe antropizada e residual, cunha topografía moi alterada pola explotación de canteiras e pola execución dalgunha naves industriais na cota inferior que provocaron grandes cortes no terreo. A cobertura da parte alta do ámbito está dominada polo mato, con presenza dunha masa de eucalipto. A parcela obxecto da sentenza, en concreto, atópase edificada cun alto grado de ocupación.

O lugar ao que se refire o plan ou programa localízase na grande área paisaxística do Golfo Ártabro, na comarca paisaxística do Golfo Ártabro litoral. Respecto ao Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), parte do polígono pertence á unidade de paisaxe 03_03_135A2 "Meicende" e o resto -incluída a parcela afectada pola sentenza- pertence á unidade de paisaxe 03_03_135 "Ria da Coruña". O ámbito insírese dentro da área continua de ordenación e unha pequena parte figura identificada como espazo de protección de ladeira.

Polo polígono non discorre ningunha canle de auga superficial, non existen espazos protexidos no ámbito ou na contorna nin se identifica ningún elemento catalogado do patrimonio cultural.

Dúas concesións mineiras de granito -As Portelas e Pescas- integran terreos da Modificación localizados no extremo oeste e leste.

O polígono atópase afectado parcialmente pola zona de afección da estrada autonómica AC-552, da autoestrada da Costa da Morte AG-55 e da autoestrada urbana da Coruña V-14. Ademais, atópase afectado polos radios de afectación do Ditame Técnico de Afección da Refinería, así como pola actualización e revisión do Plan de emerxencia exterior do Polígono de A Grela-Bens, aprobado polo Decreto 88/2016 do 7 de xullo.

Respecto das infraestruturas e redes de servizo, dúas liñas de alta tensión atravesan o ámbito de norte ao sur.

3. Período de consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do Instituto de Estudos do Territorio, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Subdirección Xeral de Administración Industrial, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Dirección Xeral de Mobilidade, e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O Concello deberá considerar estas observacións no proceso de elaboración da Modificación, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Indica que as razóns de interese público veñen xustificadas pola necesidade de dar cumprimento á sentenza citada. Sinala que na parcela excluída do polígono non lle é de aplicación o POL, mentres que ao resto do ámbito si, parte incluído na área de ordenación e parte en espazo de interese. Non se identifican afeccións ao POL tendo en conta que a ordenación detallada da Modificación manterase igual á vixente.





Informa que o proxecto de modificación que se redacte conterá a xustificación completa referida á ordenación que se propoña. Asemade, detecta unha contradición na ficha entre os datos das superficies e a superficie edificable sinalada na mesma.

Ademais, recolle que semella incorrerse nunha incoherencia entre o contido do documento ambiental estratéxico e a ficha do polígono, xa que no primeiro figura que o ámbito se ve afectado polos radios de afectación do fenómeno BLEVE¹ procedente da refinería e das súas zonas de alerta, polo que o uso comercial non debería permitirse, permitíndose só o uso industrial -tal como recolle o Ditame Técnico de Afección da Refinería-, mentres que na ficha establécese o uso industrial-comercial.

Por último identifica un erro documental (a estrada lindeira ao polígono é de titularidade autonómica), e informa do procedemento a seguir na tramitación urbanística.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que o borrador e o documento ambiental estratéxico non inclúen ningún apartado específico sobre paisaxe, e só existen algunhas referencias indicando que dentro do ámbito non existen valores paisaxísticos dignos de mención. Sinala que no ámbito non existen elementos salientables, ofrecendo unha imaxe degradada que provoca unha incidencia visual negativa.

Considera que a Modificación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que, nin o cambio de clasificación da parcela afectada, nin a reordenación dos parámetros urbanísticos do resto do polígono, suporán en si mesmos alteracións substanciais da paisaxe resultante respecto da ordenación actual. Por outra banda, a paisaxe do ámbito atópase degradada, polo que o futuro desenvolvemento urbanístico do ámbito podería axudar á mitigar o impacto negativo actual.

Axencia Galega de Infraestruturas

O informe anexa os criterios de ordenación e distancias mínimas precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario. Indica os casos debidamente xustificadas nos que se poderá, con carácter excepcional, admitir reducións extraordinarias das distancias indicadas para as aliñacións de viario e de edificación. Así mesmo, Deberá de terse en conta o indicado nas determinacións 3.1.5.d, 3.1.10 e 4.1.8 das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, en relación aos crecementos lineais e os accesos ás parcelas.

Indica que a documentación presentada non recolle as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. No documento -ademais da información dos mapas- deberase incluír na normativa as limitacións de uso derivadas do ruído que se recollen no informe.

Finalmente, o documento adaptarase á normativa sectorial de estradas que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

Subdirección Xeral de Administración Industrial

Informa que a documentación da Modificación deberá recoller que a actuación prevista se localiza dentro do ámbito de influencia territorial de catro establecementos suxeitos ao Real Decreto 840/2015, de 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas. Todos estes establecementos industriais están afectados no seu nivel superior pola normativa SEVESO, e son os seguintes: *Repsol Petróleo S.A.*, *Repsol Butano S.A.*, *Compañía Loxística de Hidrocarburos S.A.* e *Alcoa Inespal S.L.*

Neste sentido, estima necesario a inclusión das consideracións derivadas dos Análises Cuantitativos de Riscos elaborados para os establecementos afectados, que foron requiridos por esta Xefatura Territorial a instancia do Concello da Coruña.

¹ "Boiling liquid expanding vapour explosion" (explosión de vapores que se expanden ao ferver o líquido).





Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Basea as súas consideracións na última actualización e revisión do Plan de emerxencia exterior A Grela-Bens do 2016. Informa que o polígono K32 insírese dentro da zona de intervención do accidente máis grave. O obxectivo de establecer esta área é a prevención e aviso á poboación potencialmente afectada para poder facer unha planificación da resposta, avisos e xestión da emerxencia derivada dun accidente grave, e **non para establecer políticas de uso do solo**. Neste sentido, aconsella que as zonas residenciais soamente sexan autorizadas dentro das zonas de alerta, mentres que nas zonas de intervención si se pode establecer usos industriais.

Unha vez analizada a proposta, sinala que a Modificación se fundamenta por motivos de interese público xeral derivados da existencia dunha sentenza e será tida en conta a efectos da renovación do dito Plan.

Dirección Xeral de Mobilidade

Non ten ningunha consideración que realizar, unicamente sinala que na documentación se cita a estrada AC-552 como provincial (páxinas 15 e 19 do documento ambiental estratéxico e páxina 8 do borrador), cando esta vía pertence á Rede primaria básica da Xunta de Galicia, e une as localidades coruñesas da Coruña e Cee.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Informa que non é previsible que as actuacións comprendidas na Modificación do PXOM teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta Modificación preténdese dar cumprimento á sentenza 00544/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se anula a clasificación do PXOM da Coruña nunha parcela do solo urbano non consolidado do polígono K32. A Modificación non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados.

A parcela insírese dentro do ámbito de influencia territorial do Plan de emerxencia exterior A Grela-Bens. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior indica que o uso industrial é compatible na zona na que se empra a Modificación. Así mesmo, na ficha do borrador recóllese a necesidade de ter en conta as determinacións do citado Plan de emerxencia e de condicionar o desenvolvemento do uso comercial á realización previa dun Análise Cuantitativo de Riscos.

O alcance da proposta é reducido, tendo en conta -non só- o pequeno tamaño da parcela que se exclúe (1.334 m²), senón tamén que a clasificación e o uso outorgado a dito predio é coherente co seu estado actual (edificación industrial consolidada con acceso a infraestruturas e servizos urbanos) e que a Modificación non altera a ordenación nin amplía a ocupación de solo prevista no PXOM vixente.

Á vista do exposto, non se consideran efectos significativos derivados da Modificación do PXOM achegada.





PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do polígono K32 "Monte da Fieiteira"*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Mónica Pérez Medina
Subdirectora Xeral de Avaliación Ambiental

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a *Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do polígono K32 "Monte da Fieiteira"*.**

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao Concello da Coruña, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da Modificación.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a Modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da Modificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa
Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

